



## Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - BRA	
Número expediente:	Documento:
CON/12/2024	CON18I088
1B6Z3U720K1L3KON18T0	

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O xefe do Servizo de Contratación, en data 8 de febreiro de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia un informe-proposta que literalmente di:

“Expediente CON/12/2024: Execución do programa municipal de participación cidadá

Asunto: proposta de incoación do expediente

En relación ao expediente sinalado no encabezado, emítese informe-proposta en base aos seguintes

### ANTECEDENTES DE FEITO

A xefa do Servizo Sociocomunitario, en data 8 de febreiro de 2024, emitiu un informe de necesidade para proceder á contratación do servizo denominado **“Execución do programa municipal de participación cidadá”**.

Resultan de aplicación, a efectos de iniciarse o expediente encamiñado á adxudicación do servizo, os seguintes

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Prescribe o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP, no sucesivo):

*A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta Lei e que deberá ser publicado no perfil de contratante.*

Dispón o art. 28.1, ao que se remite o precitado artigo 116:

*As entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen*

*publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.*

No informe referido nos antecedentes desta proposta, consta a xustificación da necesidade de proceder a contratación:

*A través do programa municipal de participación cidadá, preténdese por a disposición do tecido asociativo, da cidadanía e de todos os axentes implicados, unha serie de ferramentas para a motivación e a mellora da participación cidadá, fundamentalmente a través de actividades formativas, o asesoramento, o diálogo e os encontros, campañas de sensibilización, etc., todo elo de cara a xerar procesos que dinamicen á poboación a través da participación activa nos procesos de toma de decisións e na xestión dos asuntos públicos do concello.*

*Na actualidade, detéctase a necesidade de adaptarse ás novas demandas da nosa sociedade, cada vez máis individualizada pero tamén máis informada e conectada a través das redes sociais, o que fai necesario crear espazos virtuais que faciliten a plena participación de toda a cidadanía en igualdade de condicións, así como iniciar o achegamento aos procesos de participación cidadá das persoas máis novas, co obxectivo de ir creando conciencia da importancia de formar parte activa da nosa sociedade.*

*Para desenvolver este programa o Concello de Narón non conta con persoal especializado, polo que é necesario a contratación dunha empresa especializada no seu desenvolvemento e que contén coas garantías suficientes para acometer con éxito esta necesidade que temos.*

Así como a idoneidade do obxecto e o seu contido para satisfacer ditas necesidades:

*O obxecto deste prego é establecer as condicións técnicas mínimas para a posta en marcha do programa de Participación Cidadá como instrumento de dinamización, asesoramento e xestión de diferentes formas de participación da cidadanía e do tecido asociativo, así como impulsar a realización de iniciativas comunitarias en distintas áreas e a difusión de programas transversais no ámbito municipal.*

Á vista do anterior e téndose por motivada a necesidade do contrato de acordo co artigo 116 da LCSP, corresponde ao órgano de contratación a iniciación do correspondente expediente. Dito órgano de contratación resulta ser a Alcaldía-Presidencia, de acordo co valor estimado, tendo en conta a previsión dunha modificación dun 20% do presuposto máximo do contrato (194.212,48 €), en relación coa D.A. 2.1 da LCSP.

Por outra banda, sinala o art. 116.4.g) da LCSP, que no expediente xustificárase adecuadamente:

*A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso.*

Corresponde, polo tanto, ao órgano de contratación, a adopción de dita decisión, no seu caso. No informe propónse a non división en lotes, polos seguintes motivos:

*Neste caso, ao tratase dun programa cohesionado e que presenta relacións entre todos os seus elementos, non se considera conveniente dividilo en lotes atendendo ás*

*particularidades e especificidades do mesmo. A división dificultaría a coordinación técnica dado que se incrementaría o tempo e as xestión necesarias para un correcto seguimento da execución do contrato. Por outro lado, un contrato único permite reducir o coste da realización do programa. Desta forma se garante unha maior calidade na execución do programa.*

Por último, cabe resinar que o acordo de incoación do expediente debe ser publicado (artigo 116.1 *in fine* da LCSP), e que o expediente debe completarse cos restantes documentos preceptivos (entre eles, os pregos, o certificado de existencia de crédito ou consignación orzamentaria, e os informes de fiscalización e da Secretaría Xeral aos que se refiren a D.A. 3.3 e 3.8), sen prexuízo de que sexan incorporados cantos documentos, informes e demais elementos sexan necesarios para completar debidamente dito expediente.

Por todo o anterior e en virtude do art. 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, este Xefe do Servizo de Contratación eleva á Alcaldía-Presidencia a seguinte

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO:** Incoar o expediente de contratación do servizo denominado “**Execución do programa municipal de participación cidadá**”.

**SEGUNDO:** Ordenar ao Servizo Sociocomunitario a elaboración do Prego de Prescricións Técnicas e ao Servizo de Contratación a elaboración do Prego de Cláusulas Administrativas e cantos documentos, informes e demais elementos sexan necesarios para completar debidamente dito expediente; á Secretaría Xeral a emisión dun informe previo á aprobación do expediente; á Intervención Xeral a certificación de existencia de crédito ou consignación orzamentaria, e informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación aos recursos ordinarios.

**TERCEIRO:** Non dividir en lotes este contrato, de acordo co sinalado nos fundamentos de dereito que anteceden esta proposta.

**CUARTO:** Publicar este acordo no perfil do contratante do Concello”.

Polo exposto, esta Alcaldía-Presidencia, en virtude das competencias outorgadas pola Disposición adicional segunda da LCSP,

## RESOLVE

**PRIMEIRO:** Incoar o expediente de contratación do servizo denominado “**Execución do programa municipal de participación cidadá**”.

**SEGUNDO:** Ordenar ao Servizo Sociocomunitario a elaboración do Prego de Prescricións Técnicas e ao Servizo de Contratación a elaboración do Prego de Cláusulas Administrativas e cantos documentos, informes e demais elementos sexan necesarios para completar debidamente dito expediente; á Secretaría Xeral a emisión dun informe previo á aprobación do expediente; á Intervención Xeral a certificación de existencia de crédito ou consignación



orzamentaria, e informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación aos recursos ordinarios.

**TERCEIRO:** Non dividir en lotes este contrato, de acordo co sinalado nos fundamentos de dereito que anteceden esta proposta.

**CUARTO:** Publicar este acordo no perfil do contratante do Concello.

***Ante min.  
(Dou fe da identidade do asinante)***